

Estado membro da Unión Europea, a comunidade autónoma onde se presentou a garantía comunicacional ao Fondo Español de Garantía Agraria, para establecer as comunicacións pertinentes recollidas na normativa comunitaria.

4. O transformador notificaralle a transformación da materia prima recibida á comunidade autónoma onde se presentou a garantía, mediante a presentación dunha «declaración de transformación.»

«ANEXO 10

Variedades de trigo duro susceptibles de acollerse en España á axuda específica á calidade na campaña 2004/2005

Alacón.	Colosseo.	Mundial.
Aldeano.	Concadoro.	Navajo.
Aldura.	Chago.	Nefer.
Alfaro.	D-2536.	Negriduro.
Altar-Aos.	D-2663.	Nuño, Yavaros C 79.
Amílcar (Almansur).	D-3816.	Orjaune.
níbal.	D-5262.	Orlu.
Antón.	Debano.	Páramo Td 330.
Aracena.	Delton.	Parsifal.
Arcobaleno.	Don Duro.	Pastor.
Arcoduro.	Don Francisco.	Pedrisco.
Arcolino.	Don José.	Pedroso.
Ardente.	Don Manuel.	Pelayo (Ag Ct 32).
Argos.	Don Pedro.	Peñafiel.
Ariesol.	Don Rafael.	Platani.
Aronde.	Don Sebastián.	Preco.
Arquero.	Dorondón.	Pryor.
Artena.	Duilio.	Quijano.
Artimón.	Durátón.	Radio.
Asdrúbal.	Durbel.	Regallo.
Astigi.	Durcal.	Rio Zujar.
Astrodur.	Duroi.	Roqueño.
ttila.	Durtres.	Rusticano.
Averroes.	Epidur.	Sachem.
Avispa.	Estribo.	Sajel.
Baliduro.	Excalibur.	Senadur.
Barcarol.	Extremeo.	Séneca.
Boabdil.	Fabio.	Simeto.
olenga.	Ga 0115.	Soldur.
Bolido.	Gallareta.	Soteño.
Bolo.	Garfio.	Sula.
Bombasi.	Gianni.	Tango.
Bonzo.	Helidur.	Tdr 97Sc.
Borgia.	Ibérico.	Tempradur.
Borli.	Illora.	Tiedra.
Bravadur.	Ionio.	Tito Nick.
Bronte.	Iride.	Toño.
Burgos.	Italo.	Tresor.
Camacho.	Jabato.	Valira.
annizo.	Kievlanca.	Verdi.
Canyon.	Llanos.	Vesuvio.
Capri.	Maduro.	Vetrodur.
Carioca.	Mellaria.	Vinci.
Carpio.	Meridiano.	Virgilio.
Cártago.	Mexa.	Vítrico.
Cibeles.	Molino.	Vitromax.
Ciccio.	Mon 0101.	Vitron.
Clarofino.	Moncayo.	
Claudio.	Mongibello.	

2308 *ORDE APA/201/2004, do 5 de febreiro, pola que se aproba o Regulamento básico das probas de selección de cabalos novos para os plans de mellora das razas equinas.* («BOE» 33, do 7-2-2004.)

Os plans de mellora de équidos de razas puras poden incluír unhas probas de selección de cabalos novos para aquelas razas, cuxo obxectivo de selección sexa a aptitude para as diversas disciplinas hípias, de acordo co establecido no Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, polo que se regula no ámbito das razas equinas, o réxime xurídico dos libros xenealóxicos, as asociacións de criadores e as características zootécnicas das distintas razas e a Orde APA/1018/2003, do 23 de abril, pola que se establecen os requisitos básicos para os esquemas de selección e os controis de rendementos para a avaliación xenética dos équidos de raza pura.

No anexo da mencionada orde, incorpóranse as características mínimas destas probas, que poden constituír a base fundamental da selección dos futuros reprodutores, tras avaliar os resultados de participación dos seus descendentes e colaterais conectados xenealoxicamente e cuxos resultados van poder ser incorporados aos esquemas de selección, para a súa valoración xenética a través do control de rendementos en doma, salto e concurso completo de equitación.

En consecuencia, procede a aprobación do Regulamento básico para o desenvolvemento das probas de selección de cabalos novos para as diversas disciplinas hípias no marco dos esquemas de selección das razas equinas.

Esta orde ministerial adóptase de conformidade coa disposición derradeira primeira do Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades afectadas.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo único. Aprobación do Regulamento básico das probas de selección de cabalos novos.

Apróbase o Regulamento básico das probas de selección de cabalos novos no marco dos plans de mellora das razas equinas, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Axudas.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establecer axudas para cubrir os gastos de participación e organización das probas, así como incentivos polas cualificacións obtidas e para a realización de cursos de formación de cualificadores.

Disposición transitoria única. *Presentación de propostas das probas de selección.*

Para o ano 2004, as organizacións de criadores oficialmente recoñecidas poderán presentar propostas das probas de selección ou documentación complementaria ás propostas xa presentadas segundo a Orde APA/1018/2003, do 23 de abril, pola que se establecen os requisitos básicos para os esquemas de selección e os controis de rendementos para a avaliación xenética dos équidos de raza pura, nun prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de febreiro de 2004.

ARIAS CAÑETE

Regulamento básico das probas de cabalos novos nas probas de selección de cabalos novos no marco dos plans de mellora das razas equinas

Este regulamento básico consta dun regulamento xeral e común a todas as disciplinas, que figura a continuación, e de regulamentos específicos para as probas de control de rendementos en doma, salto e concurso completo, que figuran nos anexos I, II e III desta disposición.

Primeiro. *Finalidade e obxectivos destas probas.*

1. O obxectivo principal destas probas é o de ser a base fundamental da valoración de cabalos e eguas de 4, 5 e 6 anos e da selección dos futuros reprodutores, de acordo cos parámetros e índices que determine para cada raza o correspondente esquema de selección, ao cal se incorporarán os datos relativos a estas probas de control de rendementos, co obxectivo de obter unha valoración xenética dos reprodutores a través dos resultados dos seus descendentes e doutros animais conectados xenealoxicamente.

2. Os obxectivos específicos das probas son os seguintes:

Estimular a produción equina en España e o desenvolvemento da cría selectiva de cabalos.

Orientar os programas de cría e a futura utilización dos reprodutores en función dos resultados dos seus descendentes e colaterais que participen nestas probas.

Permitirlles aos gandeiros a comprobación e o seguimento dos programas de cría e selección e incentivar a súa participación neles.

Verificar e completar a formación de base dos cabalos novos e favorecer a súa aprendizaxe.

Avaliar as súas aptitudes naturais, mantelos en bo estado físico e orientalos aos obxectivos definidos no esquema.

Facilitar a difusión e comercialización de produtos.

Pór á disposición dos usuarios cabalos con boas aptitudes e valor contrastado para cada unha das disciplinas.

Segundo. *Directrices para avaliar as probas de cabalos novos.*—Os criterios para avaliar estas probas deben ante todo considerar, que aínda que se trata de animais novos, que foron sometidos a un curto período de monta e aprendizaxe, os seus andamentos naturais deben ser adecuados, con corrección de movementos e adecuada funcionalidade e aptitudes. Así mesmo, e malia seren animais que aínda non acadaron a conformación definitiva, deben presentar unhas características morfolóxicas en concordancia tanto co patrón racial, como coas características esixidas na funcionalidade de cada disciplina, ademais dun bo temperamento, comportamento e aptitude.

As probas de selección de cabalos novos teñen por obxectivo obter información dos rendementos dos animais participantes para favorecer a elección dos mellores animais novos con aptitudes como cabalo de sela ou de deporte. Estes animais débense caracterizar por unha proporcionada conformación, bo estilo e equilibrio xeral, bo comportamento e adecuada funcionalidade (amplitude, equilibrio e flexibilidade aos tres andamentos).

As diferentes orientacións do cabalo demandan unhas aptitudes naturais, con bos andamentos, correctos asentamentos das extremidades, bo carácter e un dorso ben orientado.

Ao vulgar estas probas deberase ter en conta a calidade dos andamentos, a necesidade dun paso estendido, un trote elástico e un galope flexible e equilibrado.

Valorarase o bo carácter do cabalo, que se traduce polo seu consentimento ás accións do xinete, sen xestos defensivos, golpes da cabeza ou do rabo nin reaccións adversas. Así, mentres que as faltas de atención se poden

considerar defectos leves, as desobediencias, mala vontade e o refusamento, débense considerar defectos graves.

Valorarase a superación dos obstáculos e das probas con confianza, potencia e sen perder o equilibrio, así como a resistencia e adaptabilidade ás condicións das probas, ademais das calidades que determine o regulamento específico para cada disciplina.

Esta información, convenientemente recollida, estandarizada e procesada, será posteriormente incluída no esquema de selección, de xeito que se coñezan os animais máis adecuados para os obxectivos do dito esquema e a súa capacidade de transmitir esas capacidades aos seus descendentes.

Características dos animais.—As características que se consideran convenientes e recomendables para a avaliación dos animais novos son as seguintes:

Morfoloxía, tipo ou conformación: adecuada estrutura corporal, con proporción nas formas, elegancia de liñas, correctos asentamentos das extremidades e liña dorsal correcta e ben orientada. Un dorso que participa con flexibilidade na locomoción e un pescozo ben implantado, permítenlle á boca pousar naturalmente sobre a man, permitindo con comodidade unha colocación recollida da cabeza.

Movementos e funcionalidade: bos andamentos básicos (paso, trote, galope) e correctas transicións que denoten unha adecuada flexibilidade, impulsión, elasticidade e ritmo, con movementos áxiles, cadenciosos, elevados, amplos, regulares e equilibrados, con capacidade de coordinación e boa disposición motora.

Débese valorar a capacidade para ampliar e reunir as alancadas en cada un dos andamentos e o desexo do animal de ir cara a adiante con soltura e liberdade, sen ser forzado polo xinete.

Paso: amplo, activo e enérxico, con catro batidas ben marcadas e basculación do pescozo a cada alancada, emprego do dorso e os cadrís móbiles que empuxen os membros posteriores, sobrepegada no paso longo.

Trote: elevado e brillante, con dous tempos ben marcados en bípodes diagonais e tempo de suspensión entre cada un. Débese acompañar dun pescozo recollido e arqueado en harmonía coa posición da cabeza. O trote longo débese xerar desde os membros posteriores, sen derrubarse sobre o lombo, ampliando a alancada sen perder o equilibrio e a lixeireza do contacto na man do xinete.

Galope: enérxico e expresivo, con tres batidas homoxéneas pero diferenciadas ao mesmo tempo e un tempo de suspensión ben proxectado. Equilibrado e con facilidade para a reunión e remetemento dos posteriores.

Salto: potente, equilibrado, enérxico e confiado, con impulsión e correcto emprego do dorso e os membros anteriores e posteriores. Valorarase a capacidade de reacción ante o salto.

Aptitudes de comportamento e capacidade de resistencia: disposición ao traballo e voluntariedade, temperamento, intelixencia, nobreza, sociabilidade, bo carácter, aceptación ao xinete e boa aptitude e facilidade para a monta e para adaptarse ás condicións ambientais ás que é sometido, sen demostrar reaccións negativas ás ordes do xinete, con adecuada capacidade para o adestramento e para superar con facilidade os exercicios das probas e desenvolver a resistencia ao esforzo.

Terceiro. *Organización e desenvolvemento das probas.*—A Dirección Xeral de Gandería poderá encargar a organización das probas de selección a entidades públicas ou privadas que garantan que os resultados das probas sexan adecuados ás necesidades do programa de selección de acordo coas pautas que se indiquen e tendo

en consideración as propostas que para estes efectos realicen as organizacións de criadores oficialmente recoñecidas.

Os parámetros controlados e debidamente acreditados, fichas de cualificación coas puntuacións e todos os datos relativos a estas probas deberán ser remitidos por parte das entidades organizadoras e das organizacións de criadores ao organismo encargado de procesar os datos do esquema de selección, quen os incorporará automaticamente a este para a avaliación xenética dos animais.

O Organismo Autónomo Fondo de Explotación dos Servizos de Cría Cabalar e Remonta (FESCCR), como xestor dos libros xenealóxicos, velará por que os resultados finais das probas, unha vez procesados, se teñan en consideración e sexan debidamente recollidos nos pasaportes.

3.1 Comité Director.—Constituirase un comité director presidido polo director xeral de Gandería que integrará tres representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, actuando un deles como secretario; un representante do FESCCR; un representante de cada unha das organizacións de criadores oficialmente recoñecidas e un representante da Real Federación Hípica Española. Poderanse incorporar como asesores técnicos representantes doutras entidades de interese, cuxas actividades estean relacionadas cos obxectivos destas probas.

As súas funcións serán as seguintes:

Analizar as propostas de organización das probas.

Determinar e informar sobre as entidades e procedementos máis idóneos para o desenvolvemento destas probas.

Analizar e propor unha modificación dos requisitos mínimos dos animais para acceder á fase final.

Informar sobre a designación e cualificación dos cualificadores.

Analizar e decidir sobre outras cuestións relativas ás probas.

3.2. Regulamentación e desenvolvemento das probas de selección.—As probas de cabalos novos serán estruturadas a través dun ciclo de selección de carácter e regulamento único a nivel nacional, que estará composto por varias probas que se desenvolverán en toda a xeografía española, cunhas características xerais e outras específicas para cada disciplina e encadrado nos esquemas de selección oficialmente aprobados para as diversas razas, segundo está previsto na orde APA/1018/2003, do 23 de abril.

Con carácter anual, logo de proposta das organizacións oficialmente recoñecidas e logo de informe do Comité Director, a Dirección Xeral de Gandería aprobará o calendario e a organización dos ciclos específicos de selección de cabalos novos.

O ciclo de cabalos novos efectuarase en dúas fases de probas, cos seus correspondentes exercicios: a primeira fase será a de clasificación, que se desenvolverá en todo o territorio nacional, e a segunda fase será a proba final, á que poderán acudir os animais que superasen as puntuacións mínimas establecidas para cada disciplina na fase clasificatoria.

O Comité Director poderá analizar e propor unha modificación dos requisitos mínimos esixibles para clasificarse en cada disciplina para a fase final, de tal forma que accedan á fase final un número de cabalos adecuado ás necesidades do esquema e elixidos entre os mellores clasificados.

O número de probas determinarase con carácter anual en función da previsión de animais participantes e desenvolveranse nun período de 1 a 3 días.

Para a designación dos centros encargados da realización de cada proba, ademais de ter en conta a súa localización xeográfica, de xeito que se facilite a participación dun elevado número de gandeiros, comprobarase a dispoñibilidade de infraestrutura, medios e instalacións adecuadas para o seu desenvolvemento.

Participarán prioritariamente, cabalos e eguas de catro, cinco e seis anos inscritos nos correspondentes libros xenealóxicos, aínda que poderán establecerse outras probas para diferentes idades e disciplinas, en función dos obxectivos de selección e as aptitudes das razas. Para os efectos de cómputo de idade, esta será a que corresponda ao número de anos que cumpra o cabalo no ano en que se realiza o ciclo de cabalos novos.

A proposta deberá acompañarse dun regulamento que especifique de forma detallada o seguinte:

Estrutura organizativa dos ciclos: normas de funcionamento e de control interno e relación de probas que os compoñen con indicación da súa distribución xeográfica e centros onde se van desenvolver.

Regulamento interno das probas que integran o ciclo: cada unha das probas deberá ter o seu propio regulamento en que se detallen as particularidades das probas e as condicións para o seu desenvolvemento.

Requisitos dos animais: no regulamento deberán definirse as condicións de participación dos animais e os requisitos para que a súa valoración poida ser incluída na avaliación xenética, segundo establezan os esquemas de selección.

O sistema de recollida e informatización dos resultados: recolleranse en fichas ou modelos establecidos para estes efectos, todos os datos relativos ás probas, gandeiros ou propietarios, animais, cualificadores, xinetes e outros datos de interese, co obxecto de permitir a súa comparanza e integración nos esquemas.

3.3 Condicións .—Para poder participar no ciclo deberán verificarse os seguintes extremos:

Os propietarios dos animais deberán solicitar a inscrición a través da entidade organizadora, o que levará consigo a aceptación e cumprimento dos requisitos establecidos nesta disposición e no regulamento interno destas probas.

Os cabalos deberán estar en posesión do pasaporte de identificación establecido no artigo 6 do Real decreto 1133/02, do 31 de outubro.

Os cabalos participantes deberán ter nacido en España e estar inscritos nun libro xenealóxico español.

Os cabalos enteiros importados e as eguas nais importadas con poldro rexistrado en libro xenealóxico español, poderán participar nos ciclos, coas condicións que se establezan nos regulamentos internos das probas.

Os cabalos participantes deberán pasar un control veterinario e deberán cumprir os requisitos zootécnicos-sanitarios e de benestar animal establecidos pola normativa vixente.

Cuarto. Cualificadores.—A relación de cualificadores e a designación daqueles que vaian xulgar as probas cada ano será aprobada pola Dirección Xeral de Gandería, por proposta das asociacións e organizacións oficialmente recoñecidas e logo do informe do Comité Director, que determinará os requisitos mínimos que deben cumprir os ditos cualificadores.

ANEXO I

CICLO DE PRBAS DE CABALOS NOVOS PARA O CONTROL DE RENDEMENTOS EN DOMA CLÁSICA

FASE DE CLASIFICACIÓN:

Cabalos de catro anos:

Primeira parte:

- ≠ **Exercicio libre** montado no cal se realizarán, como mínimo, os movementos que se sinalan no anexo I A.
- ≠ **Exercicio de presentación:** que se desenvolverá en dous tempos: unha fase montada e unha presentación á man, en que se valorarán os parámetros sinalados no anexo I B.

Segunda parte:

- ≠ **Exercicio de doma obrigatorio tipo PRELIMINAR CABALOS DE CATRO ANOS.**

Cabalos de cinco anos:

Primeira parte:

- ≠ **Exercicio de presentación:** que se desenvolverá en dous tempos: unha fase montada e unha presentación á man, en que se valorarán os parámetros sinalados no anexo I B.
- ≠ **Exercicio de doma obrigatorio:** tipo “PRELIMINAR CABALOS DE CINCO ANOS”.

Segunda parte:

- ≠ **Exercicio de doma obrigatorio tipo PRELIMINAR CABALOS DE CINCO ANOS.**

Cabalos de seis anos:

Primeira parte:

≠ **Exercicio de presentación:** que se desenvolverá en dous tempos: unha fase montada e unha presentación á man, en que se valorarán os parámetros sinalados no anexo I B.

≠ **Exercicio de doma obrigatorio tipo PRELIMINAR CABALOS DE SEIS ANOS.**

Segunda parte:

Exercicio de doma obrigatorio tipo PRELIMINAR CABALOS DE SEIS ANOS.

FASE FINAL:

A proba final terá as seguintes características:

Clasificación para a fase final:

Obter unha media do 60% da puntuación total nun exercicio de presentación e unha media do 60% en polo menos dous exercicios de doma obrigatorios, ou no exercicio libre, no caso de cabalos de catro anos, podendo modificarse nos dous primeiros anos o nivel exixido, ata que se acade unha mínima normalización e desenvolvemento das probas de selección.

≠ Clasificación final do ciclo das probas de selección:

A clasificación final obterase en función do total das medias sobre 100, obtidas en cada un dos tres exercicios:

-Exercicio de presentación (coeficiente 0,5).

-Primeiro exercicio de doma obrigatorio (ou exercicio libre nos cabalos de catro anos) (coeficiente 1).

-Segundo exercicio de doma **tipo FINAL CABALOS DE CATRO ANOS, tipo FINAL CABALOS DE CINCO ANOS e tipo FINAL CABALOS DE SEIS ANOS**, respectivamente para cada grupo de idade (coeficiente 1).

A puntuación máxima posible será de 250 puntos.

A clasificación da final farase de xeito independente por grupos de idades, e da nota obtida en todos os exercicios derivarase a seguinte cualificación definitiva en cada ciclo:

Excelente para a doma clásica (nivel 4, 5 ou 6 anos): os que obteñan, no conxunto dos exercicios da final unha media superior ou igual ao 68% (170 ou máis puntos).

Moi bo para a doma clásica (nivel 4, 5 ou 6 anos): os que obteñan, no conxunto dos exercicios da final unha media superior ou igual ao 65% e inferior ao 68% (menor de 170 e superior a 162,5 puntos).

Bo para a doma clásica (nivel 4, 5 ou 6 anos): os que obteñan, no conxunto dos exercicios da final unha media superior ou igual ao 61 e inferior ao 65%. (menos de 162,5 e máis de 152,5 puntos).

ANEXO I A

EXERCICIO LIBRE MONTADO

Trátase dun exercicio de aptitude para a doma de nivel básico para cabalos de catro anos.

Os movementos son obrigatorios, pero o encadeamento e desenvolvemento é libre. Deberase realizar con bocado simple, esporas facultativas e autorízase o trote levantado. O tempo concedido é de catro minutos.

- Parada no lado longo do cuadrilongo para os saúdos ao comezo e ao final da presentación.
- Círculo de 20 m ao trote a cada man.
- Diagonal alongando o trote nalgunhas alancadas.
- Saídas ao galope sobre cada pé.
- Círculo de 20 m ao galope a cada man.
- Transicións galope/trote.
- Paso alongado algunhas alancadas.

O xurado cualificador atribuirá unha nota única sobre 100 ao final do exercicio. Os comentarios deberanse referir a cada un dos andamentos, o comportamento, a actitude xeral, o potencial do cabalo e a súa aptitude para a doma.

ANEXO I B

EXERCICIO DE PRESENTACIÓN

O exercicio de presentación consta de dúas fases:

- **FASE MONTADA:** o xurado cualificador examina os tres andamentos do cabalo durante tres minutos.

O xinete debe presentar polo menos os seguintes exercicios.

-Un círculo ao trote a cada man.

-Unha transición de andamento ao trote, en 20 m como mínimo.

-Un círculo a galope a cada man, con partida a galope sobre cada pé.

-Paso alongado con extensión do pescozo en 20 m como mínimo, seguidos de 20 m de paso na man.

Ao finalizar o tempo concedido, o xurado indícalle ao xinete que finalizou a súa presentación e outórgalle unha nota sobre 10 (coeficiente 3), para a impulsión, a elasticidade e o equilibrio do cabalo.

- **PRESENTACIÓN Á MAN:** o xurado cualificador examina a continuación o cabalo desenselado, levado da man polo xinete ou o seu asistente.

Atribúelle dúas notas sobre 10 para o modelo (coeficiente 2) e para o seu estado de presentación, conservación e condición (coeficiente 1).

ANEXO II

CICLO DE PROBAS DE CABALOS NOVOS PARA O CONTROL DE RENDEMENTOS EN SALTO

FASE DE CLASIFICACIÓN:

Constará de dúas partes:

1ª PARTE: EXERCICIO DE PRESENTACIÓN. Para cabalos e eguas de 4, 5 e 6 anos. A nota do exercicio de presentación será a media de dúas notas tras avaliar os animais en dúas fases, a primeira para doma e maneiras e a segunda para andamentos e modelos.

- **1ª FASE: DOMA E MANEIRAS.** Durante o percorrido de saltos de obstáculos do primeiro día, o xurado cualificador puntuará:
 - A doma (submisión, impulsión) sobre 20.
 - O salto sobre o obstáculo (estilo e maneiras) sobre 20.

A media destas dúas notas constitúe a nota de “doma e maneiras”.

- **2º FASE: ANDAMENTOS E MODELOS.** Consta pola súa vez de dúas fases:
 - **Presentación montado:** o xinete presentará o cabalo durante dous minutos aos tres andamentos (paso, trote e galope), para mostrar mellor as transicións e alongamentos, perante o xurado cualificador, que puntuará, os andamentos (equilibrio, impulsión, amplitude) sobre 20.
 - **Presentación á man:** o xinete presenta o cabalo á man, ante o xurado cualificador, para a puntuación do modelo (conformación do cabalo desde a perspectiva da súa aptitude para o deporte) así como a expresión, distinción e o seu estado de conservación, outorgando unha nota global sobre 20.

A media das dúas notas constitúe a nota de andamentos e modelo.

A nota final do exercicio de presentación obtense da media das dúas anteriores (doma e maneiras por un lado e andamentos e modelos, por outro).

Esta nota será tida en conta para a clasificación final do ciclo.

2ª PARTE: PERCORRIDOS DE SALTO DE OBSTÁCULOS

O ciclo completo de salto dividirase ao longo do ano en dúas partes ou períodos con base nos cales se establecerá o grao de dificultade dos exercicios das probas para os animais participantes, de tal xeito que irá aumentando progresivamente, en consonancia co grao de adestramento e a preparación do cabalo para a superación destes.

As probas de todas as idades xulgaranse baixo unha modalidade tipo A-1 (sen cronómetro) e constarán de dous percorridos de salto coas características correspondentes a cada idade.

Cabalos de catro anos

- Probas do primeiro período: percorridos de 8 obstáculos illados (sen ningunha combinación) e altura máxima de 1 metro.
- Probas do segundo período: percorridos de 8-9 obstáculos cunha combinación dobre e altura máxima de 1,15 metros.

Cabalos de cinco anos

- Probas do primeiro período: percorridos de 9-10 obstáculos cunha combinación dobre e altura máxima de 1,20 metros (tipo G-IV).
- Probas do segundo período: percorridos de 10-11 obstáculos, con dúas combinacións dobres ou un dobre e un triplo e altura máxima de 1,30 metros (tipo G-III).

Cabalos de seis anos

- Probas do primeiro período: percorridos de 10-12 obstáculos, con dúas combinacións dobres ou un dobre e un triplo e altura máxima de 1,30 metros (tipo G-III).
- Probas do segundo período: percorridos de 10-12 obstáculos, con dúas combinacións dobres ou un dobre e un triplo e altura máxima de 1,35 metros (tipo G-II).

PUNTUACIÓN FINAL DA FASE DE CLASIFICACIÓN

A clasificación final obterase sumando:

Os puntos de penalidade dos percorridos de saltos de obstáculos.

- As notas do exercicio de presentación calculada da seguinte maneira: 20-nota exercicio de presentación.

Por exemplo, un cabalo que obtén como media das dúas fases do exercicio de presentación 17 puntos, sumaría para a clasificación final 3 puntos. (20 - 17 = 3).

- Puntos de bonificación: os cabalos que ademais de participaren nas probas do ciclo de salto de obstáculos, participen nalgunha proba do ciclo de doma clásica ou de concurso completo, poderán obter as seguintes bonificacións:

- Medio punto de bonificación por cada media superior ou igual ao 60% obtido nun exercicio de doma correspondente á súa idade, nunha proba da fase de clasificación do ciclo de doma clásica.

- Medio punto de bonificación por ter obtido unha penalización menor ou igual a 81,5 puntos en concurso completo.
- A bonificación máxima deducible será dun punto.

CLASIFICACIÓN PARA A FASE FINAL

Ter obtido, en dúas probas da fase de clasificación, unha puntuación mínima de 12 puntos na nota final do exercicio de presentación e un mínimo de dous percorridos de saltos de obstáculos sen penalización, polo menos, un deles, no segundo período, podendo modificarse nos dous primeiros anos o nivel esixido, ata que se acade unha mínima normalización e desenvolvemento.

FASE FINAL

A final constará das mesmas dúas fases das probas de clasificación e puntuarase da mesma forma (neste caso non haberá bonificacións):

- Exercicio de presentación:
- Dous exercicios de percorridos de salto de obstáculos baixo unha modalidade tipo A-1 (sen cronómetro) e velocidade de 350 m/m

Cabalos de catro anos

Exercicios de saltos do primeiro día

O exercicio desenvolverase sobre un percorrido de dez saltos sen ría e cun máximo de dúas combinacións libres. A altura máxima será de 1,15 m e a largura máxima 1,25 m.

Durante este percorrido, o xurado de cualificación de doma e maneiras outorgará as súas cualificacións, para a primeira parte da fase de presentación.

Exercicios de saltos do segundo día.

O percorrido constará de dez saltos con dimensións e características correspondentes a unha modalidade tipo grupo IV e sen ría.

Cabalos de 5 anos

Exercicios de saltos do primeiro día:

O exercicio desenvolverase sobre un percorrido que ten como dimensións: altura máxima 1,25 m e largura máxima 1,35 m con dúas ou tres combinacións libres.

Durante estes percorridos o xurado de cualificación de doma e maneiras outorgará as súas cualificacións, para a primeira parte da fase de presentación.

Exercicio de saltos do segundo día

As dimensións e características serán correspondentes a unha modalidade tipo grupo III.

Cabalos de seis anos.

Exercicio de saltos do primeiro día:

Disputarase segundo a modalidade de 2 mangas diferentes con baremos tipo A-1/A-1 sen desempate. A velocidade será de 350m/m.

A primeira manga desenvolverase sobre un percorrido de dimensións e características correspondentes ao tipo grupo III.

A segunda manga desenvolverase sobre un percorrido de igual trazado que a primeira. As dimensións e características serán as correspondentes ao tipo grupo II. A esta manga accederán todos os participantes da primeira. Os eliminados e retirados en pista, en calquera das dúas mangas, obterán un resultado de 20 puntos máis que o cabalo que máis puntos obteña en calquera das dúas mangas. Os que non finalicen ambas as mangas non terán opción a clasificación final.

Durante estes percorridos, o xurado de doma e maneiras outorgará as súas cualificacións, para a primeira parte da fase de presentación.

Exercicio de saltos do segundo día.

As dimensións e características serán correspondentes a unha modalidade tipo grupo II.

CLASIFICACIÓN FINAL DO CICLO DAS PROBAS DE SELECCIÓN

Será obtida pola suma: da diferenza con 20 da nota do exercicio de presentación, máis as penalidades obtidas nos dous percorridos de salto de obstáculos.

A cualificación da final farase de forma independente por grupos de idades, e da nota obtida en todos os exercicios derivarase a seguinte cualificación definitiva:

Excelente para o salto de obstáculos (nivel 4, 5 ou 6 anos): os que obteñan na suma anterior unha nota menor ou igual a 4 puntos.

Moi bo para o salto de obstáculos (nivel 4, 5 ou 6 anos): os que obteñan na suma anterior unha nota maior de 4 e menor de 8 puntos.

Bo para o salto de obstáculos (nivel 4, 5 ou 6 anos): os que obteñan na suma anterior, unha nota maior de 8 puntos e menor ou igual a 12 puntos.

Por exemplo:

- Nota de presentación 18: $20-18 = 2$
- Puntuación do primeiro percorrido 4
- Puntuación do segundo percorrido 0
- NOTA OBTIDA: $2+4+0 = 6$ (Cualificaríase como moi bo para o salto).

ANEXO III

CICLO DE PROBAS DE CABALOS NOVOS PARA O CONTROL DE RENDEMENTOS EN CONCURSO COMPLETO DE EQUITACIÓN (CCE)

FASE DE CLASIFICACIÓN:

As probas realizaranse nos días que para cada ano estableza o comité director, preferentemente dous días, de maneira que o primeiro día terá lugar o exercicio de doma e de salto de obstáculos, e o segundo día, os exercicios complementarios e o exercicio de campo a través.

En calquera caso o número de días deberá ser o mesmo para todas as probas do ciclo nun mesmo ano, de forma que os resultados sexan comparables.

Cabalos de catro anos:

Primeira parte: EXERCICIOS EN PISTA

- **Exercicio de doma:** na cal se realizarán os exercicios sinalados no anexo III. Os movementos ao trote poden ser executados ao trote levantado.
- **Exercicio de salto de obstáculos:** anexo III B.

Segunda parte: EXERCICIOS COMPLEMENTARIOS E EXERCICIO DE CAMPO

- **Exercicios complementarios:**

Constan de dúas partes, puntuándose cada un delas sobre 10 puntos.

- **Presentación á man:** cada cabalo individualmente deberá ser presentado á man e sen montura ante os cualificadores, os que observarán o MODELO, é dicir, a adecuación da súa morfoloxía ás probas de CCE e o seu estado de PRESENTACIÓN e CONDICIÓN.
- **Aptitude para o cross:** durante unha parte do percorrido de cross, avaliaranse as calidades do animal, en relación co seu EQUILIBRIO, a súa CADENCIA e a súa ALANCADA, así como a súa APTITUDE e a súa FRANQUEZA sobre os obstáculos de exterior.

Exercicio de cross: anexo III D.

Cabalos de 5 anos:

Primeira parte:

- **Exercicio de doma:** tipo final cabalos de 5 anos.
- **Exercicio de salto de obstáculos:** anexo III C.

Segunda parte:

- **Exercicios complementarios:** os mesmos que para catro anos.
 - **Presentación á man.**
 - **Aptitude para o cross.**
- **Exercicio de cross:** anexo III D.

Cabalos de seis anos:

Primeira parte:

- **Exercicio de doma:** tipo final cabalos 6 anos.
- **Exercicio de salto de obstáculos:** anexo III C.

Segunda parte:

- **Exercicios complementarios:** os mesmos que para catro e cinco anos.
 - **Presentación á man.**
 - **Aptitude para o cross.**

Exercicio de cross: anexo III D.

XUÍZO E CLASIFICACIÓN

Cabalos de catro anos

No exercicio de doma avaliaranse 7 parámetros, cunha puntuación máxima de 10 puntos cada un, o que totalizaría un máximo de 70 puntos por cada xuíz.

Os ditos parámetros son:

- Paso.
- Trote.
- Galope.
- Impulsión.
- Submisión.
- Técnica de salto de obstáculo e
- Equilibrio natural.

E puntuaranse segundo os criterios que se describen a continuación:

Paso	Regularidade, amplitude e simetría.
Trote	Regularidade, amplitude, cadencia e elasticidade.
Galope	Equilibrio, amplitude, propulsión e elasticidade.
Impulsión	Desexo de avanzar, actividade dos posteriores, harmonía e soltura.
Submisión	Atención, confianza, apoio na man, harmonía e facilidade de movemento.

Técnica de salto	Acometividade, equilibrio, estilo e cadencia.
Equilibrio natural	Nas transicións, sobre a pista, no obstáculo, antes e despois do obstáculo.

A nota final será a media, sobre 10, dos sete parámetros e de cada un dos cualificadores multiplicada por 15, de tal forma que a puntuación máxima posible será de 150 puntos.

A nota obtida deste xeito subtráese a 150, a diferenza convértese en puntos de penalización, segundo a práctica habitual en CCE.

Ao resultado anterior sumaráselle os puntos de penalización do percorrido de salto en pista e do cross.

Finalmente, engádese o resultado de subtraer a 10 a nota dos exercicios complementarios, que se obtén da media das notas da presentación á man e a aptitude para o cross.

Cabalos de cinco e seis anos

Seguirase o mesmo procedemento que para catro anos:

- Media sobre dez das cualificacións obtidas no exercicio de doma, multiplicada por 15, de forma que a nota máxima posible sexa tamén de 150 puntos. O resultado subtráese a 150 para transformalo en puntos de penalización.
- A esta puntuación súmanselle os puntos de penalización da fase de salto en pista e do cross.
- Finalmente, adiciónase o resultado de subtraer a 10 a media das notas obtidas nos exercicios complementarios (presentación e aptitude ao cross).

EXEMPLO:

Un cabalo que obteña 82,5 puntos (55% de 150) na fase de doma con dous derribamentos na fase de salto (8 puntos de penalización), un 7 na fase de presentación (7,5 na aptitude para o cross, e 6,5 na presentación á man), e na fase de campo a través 3 puntos de penalización (por exceder 3 segundos no tempo fixado). Obtén unha puntuación final de:

$$\begin{aligned} (150-82,5) + 8 &= 75,5 \text{ (fase de pista)} \\ 10-(7,5+6,5)/2 &= 3 \text{ (fase de presentación)} \\ 1 \times 3 &= 3 \text{ (fase de campo a través)} \end{aligned}$$

$$\text{Total} = 81,5$$

CAUSAS XERAIS DE ELIMINACIÓN

- Cabalo coxo ou tara nos seus membros.
- Defensa manifesta na doma.
- Brutalidade.

FASE FINAL

CLASIFICACIÓN PARA A FASE FINAL

Esixirase polo menos, ter realizado un mínimo de dúas probas cunha penalización menor ou igual a 81,5 puntos, polo menos unha delas no segundo período, podendo modificarse nos dous primeiros anos o nivel esixido, ata que se acade unha mínima normalización e desenvolvemento.

CLASIFICACIÓN FINAL DO CICLO DAS PROBAS DE SELECCIÓN

A clasificación final das probas do ciclo das probas de selección de cabalos novos de CCE obterase da suma das penalizacións dos seguintes exercicios, que se realizarán na fase final.

• **Exercicio de doma:**

- Catro anos: anexo III A.
- Cinco anos: **exercicio de doma** tipo final cabalos 5 anos.
- Seis anos: **exercicio de doma** tipo final cabalos 6 anos.

• **Exercicio de salto en pista: segundo** especificacións técnicas do segundo semestre (anexos III B e III C).

• **Exercicios complementarios:**

- Presentación.
- Aptitude para o cross.

• **Exercicio de cross:** segundo especificacións técnicas do segundo semestre (anexo III D).

• **Exercicio complementario de fondo:** despois do percorrido de cross, realizará unha fase complementaria de 1.000 m ao trote a unha velocidade de 1~m/min, dos que os 100 últimos metros deberán ser realizados con rendas longas, ao final desta fase, un membro de xurado asistido por un veterinario verifica o estado de recuperación do animal. O veredicto desta inspección é soberano: a eliminación do cabalo exclúeo da proba.

O sistema de cálculo utilizado na fase final será o mesmo que nas fases anteriores. A clasificación final farase de forma independente por grupos de idades e da nota obtida derivarase a seguinte clasificación definitiva:

• **Excelentes para o concurso completo de equitación (nivel 4, 5 ou 6 anos):** os cabalos que obteñan na fase final unha penalización menor ou igual a 50.

• **Moi bos para o concurso completo de equitación (nivel 4, 5 ou 6 anos):** os cabalos que obteñan na fase final unha penalización maior de 50 e menor ou igual a 65.

• **Bos para o concurso completo de equitación (nivel 4, 5 ou 6 anos):** os cabalos que na fase final obteñan unha penalización maior.

ANEXO III A

CARACTERÍSTICAS DO EXERCICIO DE DOMA CATRO ANOS

K: entrada ao trote na pista cara á dereita.
 Cara a E: parada e saúdo.
 Saír ao trote.
 Cara a C: círculo de 20 m de diámetro máximo.
 MK: trote de traballo.
 Cara a A: círculo de 20 m de diámetro máximo.
 Entre A e F: saída ao galope á esquerda.
 Entre B e M: círculo de 20 m de diámetro máximo.
 HF: galope de traballo.
 F: trote de traballo.
 Entre A e K: saída ao galope á dereita.
 Entre K e E: círculo de 20 m de diámetro máximo.
 C: fin do exercicio.

Se é o caso, seguir co percorrido de salto.

Despois do percorrido:


De M cara a K, saída ao paso, rendas longas.

Penalización: exercicio en pista: 2 puntos polo primeiro erro, 4 puntos polo segundo erro e eliminación polo terceiro.

ANEXO III B

CARACTERÍSTICAS DO EXERCICIO DE SALTO DE OBSTÁCULOS CATRO ANOS

Trazado:



O trazado e a natureza dos obstáculos deben ser respectados. Os obstáculos 5 e 6 serán independentes durante o primeiro semestre, podendo optarse por un dobre a dúas alancadas no segundo semestre.
 Natureza e lados dos obstáculos.

OBSTÁCULOS				
		Medida dos obstáculos (en cm)	Medida dos obstáculos (en cm)	Medida dos obstáculos (en cm)
Nº obstáculos	Natureza obstáculos	Altura plano 1	Altura plano 2	Largura
1	Oxer	70	80	80
2	Vertical con chamada	100		
3	Oxer	80	90	90
4	Vertical con chamada	100		
5	Oxer	90	100	105
6	Vertical con chamada	100		
PENALIZACIÓNS				
Exercicios de salto: 4 puntos por cada barra derribada. 10 puntos polo primeiro e segundo refusamento ou desobediencia e eliminación polo terceiro. Caída do xinete ou cabalo 30 puntos a primeira e eliminación a segunda				

As alturas dos obstáculos 2, 3, 4, 5 e 6 serán:
 -Reducidas 10 cm ata o 31 de maio.
 -Reducidas 5 cm desde o primeiro ao trinta de xuño.

ANEXO III D

ANEXO III C				
NORMAS TÉCNICAS PARA O EXERCICIO DE SALTO EN PISTA (5 E 6 ANOS)				
PERCORRIDO	5 ANOS		6 ANOS	
	1º período	2º período	1º período	2º período
Distancias en metros	Ao redor de 350 m	Ao redor de 400 m	Ao redor de 400 m	Ao redor de 500 m
Velocidade	350m/min.		350m/min.	375m/min.
Exceso de tempo	1 punto por segundo excedido		1 punto por segundo excedido	
Tempo máximo	Dobre do tempo concedido		Dobre do tempo concedido	
OBSTÁCULOS	1º período	2º período	1º período	2º período
Nº de obstáculos	10 simples	10 con 11 esforzos Dobre a dúas alancadas	10 simples	10 con 11 esforzos Dobre a dúas alancadas
Altura máxima verticais	1 metro	1,05 metros	1,10 metros	1,15 metros
Ría, entre barras, lonxitude máxima	1,80 metros	2,25 metros	2 metros	2,50 metros
Altura máxima oxer	0,95 metros	1 metro	1,05 metros	1,10 metros
Largura máxima oxer	1,25 metros	1,35 metros	1,40 metros	1,50 metros
PENALIZACIÓNS				
1ª desobediencia	10 puntos			
2ª desobediencia	20 puntos			
3ª desobediencia	ELIMINACIÓN			
Obstáculo derribado	5 puntos			
Caída de xinete ou cabalo	30 puntos			
2ª caída de xinete ou cabalo	ELIMINACIÓN			

EXERCICIO DE CROSS PARA CATRO, CINCO E SEIS ANOS

No caso do exercicio para catro anos, consta dun percorrido de fondo de entre 1000 e 1.200 m. con dez obstáculos, entre os cales figurará polo menos un obstáculo sobre fosa, outro de terra e unha combinación simple a dúas alancadas. Se é posible, aínda que non constituía un obstáculo, disporase dun paso de auga ou ría. A velocidade será de 450 m/min. A penalización será 1 punto por segundo excedido, e o tempo máximo, o dobre do estipulado.

NORMAS TÉCNICAS PARA O EXERCICIO DE CROSS (4, 5 E 6 ANOS)					
PERCORRIDO	4 ANOS	5 ANOS		6 ANOS	
		1º período	2º período	1º período	2º período
Distancia en metros	1.000 a 1.200 m.	1.800 a 2000 m.	2000 a 2.200 m.	2.000 m a 2.200 m.	2.400 a 2.600 m.
Velocidade	450m/min	500m/min		500m/min	520m/min
Exceso de tempo	1 punto/segundo				
Tempo máximo	Dobre do concedido				
OBSTÁCULOS		1º período	2º período	1º período	2º período
Número de obstáculos	10	10 a 12	12 a 14	12 a 14	14 a 16
Número de esforzos máximos	12	14	20	20	24
Número máximo de obstáculos compostos	2		3	3	5
Número máximo de elementos por obstáculo	2	2	3	3	3
Altura máxima de obstáculos fixos	0,90 m	0,90 m	0,95	1 m	1,05
Largura máxima obstáculos oxers e voleas:					
Na base	1,65 m	1,65 m	1,80 m	1,80 m	2 m
No punto máis alto	1,10	1,10	1,15	1,20	1,30
Largura máxima fosas	1,80	2,30	2,50	2,50	3 m
Caídas ao baleiro, máximo 2	1,10	1,15	1,20	1,20	1,40
PENALIZACIÓNS					
1º refusamento, escapada ou volta	10 puntos	10 puntos		20 puntos	
2º refusamento, escapada ou volta (mesmo obstáculo)	20 puntos	20 puntos		40 puntos	
3º refusamento, escapada ou volta (mesmo obstáculo)	ELIMINACIÓN	ELIMINACIÓN		ELIMINACIÓN	
4º refusamento, escapada ou volta (no cross)	ELIMINACIÓN	ELIMINACIÓN		ELIMINACIÓN	
Caída do xinete ou do cabalo nun obstáculo	ELIMINACIÓN	60 puntos		60 puntos	
2ª caída do xinete ou do cabalo nun obstáculo		ELIMINACIÓN		ELIMINACIÓN	